

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

10707 *Lei 14/2010, do 5 de xullo, sobre as infraestruturas e os servizos de información xeográfica en España.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

A información xeográfica xerada en calquera ámbito, e en particular no público, posúe un grande interese tanto polos labores específicos para os cales se xera e mantén como para outras aplicacións, en moitos casos non previstas inicialmente, e supón un gran potencial para o desenvolvemento da sociedade do coñecemento.

A posibilidade de acceso á información xeográfica xerada polas instancias públicas é algo habitual a través dos distintos sitios e portais habilitados por diversos axentes na rede internet, pero a posibilidade de manexar conxuntamente información xeográfica xerada e distribuída por tales axentes requiría, ata agora, a integración das distintas informacións xeográficas no sistema de información xeográfica do propio usuario ou dun integrador especializado, o que comportaba, en xeral, complexos e custosos procesos de transformación, harmonización e integración de datos.

O desenvolvemento experimentado polas tecnoloxías da información e as comunicacións veu resolver o problema do manexo, de forma conxunta e integrada, de información xeográfica de distintas procedencias, grazas ao desenvolvemento das tecnoloxías das infraestruturas de información xeográfica, tamén coñecidas como infraestruturas de datos espaciais.

Unha infraestrutura de información xeográfica é unha estrutura virtual en rede integrada por datos xeográficos, e polo tanto xeorreferenciados, e servizos interoperables de información xeográfica distribuídos en diferentes sistemas de información baixo a responsabilidade e xestión de distintas instancias, do sector público ou privado, que é accesible vía internet cun mínimo de protocolos e especificacións normalizadas, que se establecen coa finalidade de facilitar o acceso a todos eses datos e, o que é máis importante, de posibilitar o acceso encadeado aos servizos interoperables baseados na información xeográfica, de forma integrada, para conseguir unha información máis completa e útil que cando se manexa separadamente a de cada axente. Pola súa vez, as infraestruturas de información xeográfica poden constituír nodos de datos xeográficos e servizos interoperables de información xeográfica dentro doutras infraestruturas de información xeográfica de ámbito territorial superior, de forma que os seus datos xeográficos e servizos pasan a ser accesibles e interoperables nesas infraestruturas de información xeográfica de ámbito territorial superior.

É especialmente interesante o feito de que este tipo de iniciativas, ademais de obrigar os axentes públicos a completar a súa información xeográfica e a facilitar o acceso a ela mediante as novas tecnoloxías, implica un avance e impulso tecnolóxico moi considerable, especialmente en relación coa publicación de datos mediante a internet e, sobre todo, obriga a traballar coordinadamente e a colaborar para lograr a harmonización dos datos xeográficos producidos polas distintas instancias.

Pero o desenvolvemento das infraestruturas de información xeográfica require axustarse a protocolos e especificacións normalizadas, de maneira que as actuacións levadas a cabo por calquera axente se integren nun ámbito máis extenso, tanto temático

como territorial, con pleno recoñecemento ante terceiros interesados e con efectos xurídicos e técnicos de conformidade coa normativa aplicable. Por esta razón, é necesario establecer un marco común para o desenvolvemento das ditas infraestruturas de información xeográfica. O establecemento dese marco común e a necesidade de coordinación entre todos os axentes públicos concernidos son circunstancias que conducen inexorablemente a desenvolvementos normativos con rango de lei.

Todo isto foi tido en conta de igual forma polo Parlamento Europeo e o Consello, especificamente para o desenvolvemento de políticas que permitan alcanzar un nivel elevado de protección do ambiente, de conformidade co artigo 6 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, e unha xestión eficaz deste. Tendo en conta a diversidade de situacións existentes nos distintos países membros da Unión Europea, o Parlamento e o Consello consideran necesario establecer certo grao de coordinación entre os usuarios e provedores da información, de maneira que poidan combinarse información e coñecementos procedentes de diferentes sectores.

Neste sentido, consideraron que os problemas relativos á dispoñibilidade, calidade, organización, accesibilidade e posta en común de información xeográfica son comúns a un gran número de políticas e de temáticas e que se fan sentir nos diferentes niveis da autoridade pública; e a forma de resolver estes problemas pasa por adoptar medidas que atendan ao intercambio, posta en común, acceso e utilización de datos xeográficos e de servizos interoperables de información xeográfica, medidas todas elas que concirnen os diferentes niveis da autoridade pública. Por conseguinte, consideraron necesario establecer unha infraestrutura de información xeográfica na Unión Europea que sirva de axuda para a adopción de medidas relativas a políticas e actuacións que poidan incidir directa ou indirectamente no ambiente. A devandita infraestrutura de información xeográfica na Unión Europea, denominada Inspire (Infrastructure for Spatial Information in Europe), debe basearse nas infraestruturas de información xeográfica creadas polos Estados membros, facéndoa compatibles mediante unhas normas de execución comúns e complementadas por medidas a nivel comunitario. Estas medidas deben garantir que as infraestruturas de información xeográfica creadas polos Estados membros sexan compatibles e utilizables nun contexto comunitario e transfronteirizo.

Con esta finalidade, o Parlamento Europeo e o Consello aprobaron a Directiva 2007/2/CE, do 14 de marzo de 2007, pola que se establece unha infraestrutura de información espacial na Comunidade Europea (Inspire), que, conforme o seu artigo 25, entrou en vigor aos vinte días da súa publicación, o 25 de abril de 2007, no Diario Oficial da Unión Europea.

A transposición de determinados preceptos da referida directiva exige unha norma con rango de lei. Así, e considerando como punto de partida as distintas iniciativas das administracións e organismos do sector público para constituír infraestruturas de información xeográfica e servizos de información xeográfica, esta lei incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2007/2/CE e dispón un marco xeral mínimo para a súa constitución, de maneira que se asegure a súa coordinación e integración no ámbito do Estado español, garantindo o cumprimento por parte de España do establecido pola Directiva 2007/2/CE, incluído o establecemento da Infraestrutura de Información Xeográfica de España, que debe integrar o conxunto de infraestruturas de información xeográfica e servizos interoperables de información xeográfica baixo responsabilidade das administracións públicas españolas, polo que é preciso ditala ao abeiro do artigo 149.1.18 e 23 da Constitución española e conforme a Sentenza 76/84 do Tribunal Constitucional, que afirma a capacidade do Estado para ditala normas de obrigado cumprimento que garantan a unicidade técnica e coordinación da actividade cartográfica.

A Infraestrutura de Información Xeográfica de España, ou Infraestrutura de Datos Espaciais de España, deberá asegurar o acceso aos nodos de datos xeográficos e aos servizos interoperables de información xeográfica, que constitúen as infraestruturas de información xeográfica establecidas pola Administración xeral do Estado e polas administracións autonómicas, conseguindo desta maneira alcanzar a dispoñibilidade e interoperabilidade de toda a información xeográfica requirida pola Directiva 2007/2/CE,

con total cobertura do territorio español, producida por calquera axente público, e coa máxima precisión e resolución.

En consonancia coa referida directiva, as infraestruturas de información xeográfica que se establezan en España deben concibirse de forma que se garanta o almacenamento, dispoñibilidade e mantemento de datos xeográficos ao nivel máis adecuado; que sexa posible combinar, de forma coherente, eses datos provenientes de calquera fonte en toda España e na Unión Europea, e que poidan ser compartidos entre distintos usuarios e aplicacións; que sexa posible que os datos xeográficos recollidos a un determinado nivel das administracións e organismos do sector público sexan compartidos con outras administracións e organismos do sector público; que poida darse difusión aos datos xeográficos en condicións que non restrinxan indebidamente a súa utilización xeneralizada; e que sexa posible localizar os datos xeográficos dispoñibles, avaliar a súa adecuación para un determinado propósito e coñecer as súas condicións de uso, así como os seus efectos xurídicos e técnicos de conformidade co ordenamento vixente.

Desta forma perséguese eliminar un obstáculo para a cabal utilización dos datos dispoñibles, que deriva das perdas de tempo e de recursos ocasionadas pola busca dos datos xeográficos existentes ou pola necesidade de localizar os máis útiles para un fin particular, como pon de manifesto o considerando décimo quinto, no que fundamenta a súa utilidade a propia directiva.

Esta nova visión da información xeográfica exige a renovación conceptual da norma básica sobre cartografía no Estado español, a Lei 7/1986, do 24 de xaneiro, de ordenación da cartografía, cuxo desenvolvemento regulamentario de 2007, intimamente ligado á produción comunitaria da Directiva Inspire, supuña un avance considerable na mesma liña, pero limitado polo seu rango normativo e polo marco habilitado pola propia lei. Así, esta nova lei amplía ese marco e, combinada coa anterior, promove unha mellor organización dos servizos públicos de información xeográfica e cartografía, sobre os principios básicos de cooperación entre administracións e de coordinación no exercicio dos seus respectivos labores neste ámbito, configurándose deste xeito o Sistema Cartográfico Nacional, que se institúe con carácter legal e sen que sexa precisa a derogación total ou parcial da referida Lei de ordenación da cartografía.

En todo caso, a presente lei debe considerarse sen prexuízo do disposto pola Lei 37/2007, do 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público, pola Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente, en tanto que incorporación ao dereito español da Directiva 2003/4/CE, e pola Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, cando a información xeográfica incorpore, directa ou indirectamente, datos deste tipo.

Ademais, a presente lei non afecta a existencia ou posesión de dereitos de propiedade intelectual das administracións e organismos do sector público.

Esta lei aplícase exclusivamente aos datos xeográficos que consten en poder das administracións e organismos do sector público, ou en nome deles, así como á utilización de tales datos por parte das ditas administracións e organismos do sector público no exercicio das súas funcións públicas. Non obstante, baixo certas condicións, pode aplicarse tamén á información xeográfica en poder de persoas físicas ou xurídicas diferentes das administracións e organismos do sector público, como axentes xurídicos ou periciais, sempre que tales persoas así o soliciten.

A presente lei posúe uns contornos específicos que amplían o réxime xeral de acceso previsto no artigo 105.b) da Constitución española e no seu desenvolvemento lexislativo, en esencia representado pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Neste sentido, resulta necesario precisar que non se modifica o réxime de acceso aos documentos administrativos consagrado no ordenamento xurídico, senón que se achega un valor engadido no dereito e forma de acceder á información xeográfica.

No capítulo I da lei prevese o ámbito subxectivo de aplicación, que se estende a idénticos suxeitos que a Lei 7/1986, de ordenación da cartografía, na medida en que é

complemento dela, e, en canto á regulación das infraestruturas e servizos de información xeográfica, aos que exercen funcións administrativas, xa sexan persoas físicas ou xurídicas das administracións e organismos do sector público definidos como tales no artigo 2 da Lei 37/2007, do 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público. Desde a perspectiva do seu ámbito obxectivo de aplicación, a lei considera a definición xenérica dos conceptos esenciais na materia, como infraestructura de información xeográfica ou infraestructura de datos espaciais, datos xeográficos, xeorreferenciados ou espaciais, obxecto xeográfico, servizo de información xeográfica, metadatos, interoperabilidade, información xeográfica de referencia, datos temáticos fundamentais e datos temáticos xerais. Así mesmo, limita a súa aplicación aos datos xeográficos que cumpran as condicións de referirse a unha localización ou zona xeográfica sobre a cal exerza xurisdición unha Administración ou organismo do sector público; estar en formato electrónico; ser competencia, a súa produción e mantemento, dunha Administración ou organismo do sector público, agás cando os datos xeográficos estean en poder dunha entidade local, caso en que a presente lei só se lles aplicará se existe unha norma legal das administracións, estatal ou autonómicas, que requira a súa recollida ou difusión; e referirse a información xeográfica de referencia, a datos temáticos fundamentais ou a datos temáticos xerais existentes ou a servizos de información xeográfica desenvolvidos sobre a información xeográfica de referencia, sobre os datos temáticos fundamentais ou sobre datos temáticos xerais, pondo de relevo que non require a recompilación de novos datos xeográficos.

O capítulo II establece as competencias do Consello Superior Xeográfico en relación coa constitución e mantemento da Infraestructura de Información Xeográfica de España, e da súa Secretaría Técnica, polo que deberá coordinar e operar a Infraestructura de Información Xeográfica de España, mantendo e xestionando o acceso á Infraestructura de Información Xeográfica de España na rede internet, que permite acceder a toda a información xeográfica proporcionada polas distintas administracións ou organismos do sector público mediante a integración dos seus nodos con datos xeográficos e servizos interoperables de información xeográfica; igualmente, coordinará e xestionará o acceso ás bases de metadatos establecidas a partir das descrições da información realizadas polos axentes produtores.

Tamén o capítulo II atribúe ao Consello Superior Xeográfico a capacidade de proposta das instrucións de natureza técnica necesarias para o desenvolvemento de infraestruturas de información xeográfica e servizos de información xeográfica; estas denominadas «normas de execución» deberán ser definidas, cando proceda, polo Consello Superior Xeográfico tendo en conta os requisitos pertinentes dos usuarios e os contidos, obxectivos e finalidades que establezan as administracións competentes, como consecuencia das normas de execución aprobadas en desenvolvemento da Directiva 2007/2/CE no ámbito de Unión Europea e as normas e especificacións internacionais para a harmonización dos datos xeográficos e servizos de información xeográfica. O Consello Superior Xeográfico garantirá a participación nos debates preparatorios sobre o contido das normas de execución, antes da súa aprobación, aos representantes das administracións ou organismos do sector público, ou de entidades que actúen en nome destes, e dará a oportunidade de participar a outras persoas físicas ou xurídicas que, pola súa función dentro das infraestruturas de información xeográfica, teñan un interese nos datos xeográficos de que se trate, incluídos os usuarios, produtores, provedores de servizos de valor engadido e organismos coordinadores.

O capítulo III establece as condicións que deben cumprir os datos xeográficos e servizos de información xeográfica que formarán parte das infraestruturas de información xeográfica para cumprir o establecido por esta lei. Este capítulo está integrado por tres seccións.

A sección 1.^a obriga as administracións públicas a adoptar medidas que aseguren a posta en común dos datos xeográficos e servizos de información xeográfica entre as administracións e organismos do sector público, permitindo o acceso a eles, así como o seu intercambio e utilización; entre elas estarán as medidas tendentes a establecer infraestruturas de información xeográfica e asegurar que sexan accesibles e interoperables

mediante a Infraestrutura de Información Xeográfica de España. Así mesmo, establece as condicións para o dito acceso, sen limitar a posibilidade de conceder licenzas, ou a existencia de pagamento de taxas ou prezos conforme a normativa vixente. E estende a aplicación destas medidas á posta en común de datos xeográficos e servizos de información xeográfica para as entidades do sector privado, nas condicións que regulamentariamente se establezan, e para as administracións e organismos do sector público doutros Estados membros da Unión Europea e para as institucións e órganos da Comisión Europea para o desempeño de funcións públicas que poidan incidir no ambiente. Esta posta en común poderase limitar cando iso poña en perigo o desenvolvemento dos procedementos xudiciais, a seguridade pública, incluída a acción ante emerxencias, a defensa nacional ou as relacións internacionais.

A sección 2.^a establece as obrigas das administracións públicas na creación dos metadatos que describen os datos xeográficos e servizos de información xeográfica, a información que deberán incluír, e os prazos en que deben ser creados polas administracións públicas.

A sección 3.^a establece os servizos de información xeográfica que deberán estar accesibles nas infraestruturas de información xeográfica das administracións públicas, impondo a obriga de proporcionar, polo menos, servizos de localización, de visualización, de descarga, de transformación de datos xeográficos, así como servizos de provisión de acceso aos anteriores servizos. Impón a accesibilidade xeneralizada aos servizos de información xeográfica, aínda que o órgano xestor poderá denegar motivadamente o dereito de acceso cando prevalezan razóns de interese público, e establece a gratuidade de determinados tipos dos ditos servizos. Obriga, tamén, as administracións públicas a garantiren a posibilidade de conectar e interoperar os servizos de información xeográfica. Por outra parte, establece as limitacións de acceso público aos datos xeográficos ou servizos de información xeográfica que poden fixar as administracións públicas, e as condicións do citado acceso aos servizos de información xeográfica.

O capítulo IV fai referencia á Infraestrutura de Información Xeográfica da Administración Xeral do Estado, establecendo a obriga de constituír o seu xeoportal, e os labores da Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional en relación con ela.

O capítulo V recolle o necesario complemento e perfeccionamento da Lei de ordenación da cartografía de 1986, para adecuala ao desenvolvemento da información xeográfica, cando conta xa con case un cuarto de século de vixencia. Para tal fin, institúese con rango legal o Sistema Cartográfico Nacional e deséñanse as liñas básicas da súa operatividade, a partir dos seus propios instrumentos, a política de difusión da información xeográfica xerada no seu seo e as fórmulas de organización interna e as relacións internacionais.

Os anexos I, II e III conteñen a relación e definición dos datos xeográficos que constitúen a información xeográfica de referencia (anexo I, que integra os anexos I e II da Directiva 2007/2/CE), os datos temáticos fundamentais (anexo II), que son os conxuntos de datos necesarios para a xestión ambiental requiridos pola Directiva 2007/2/CE no seu anexo III, e datos temáticos xerais (anexo III), que, conforme establece esta lei, deberán integrar as infraestruturas de información xeográfica que constitúan as administracións públicas.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Esta lei ten por obxecto complementar a organización dos servizos de información xeográfica e fixar, de conformidade coas competencias estatais, as normas xerais para o establecemento de infraestruturas de información xeográfica en España orientadas a facilitar a aplicación de políticas baseadas na información xeográfica polas administracións públicas e o acceso e utilización deste tipo de información, especialmente as políticas de ambiente e políticas ou actuacións que poidan incidir nel.

2. A Infraestrutura de Información Xeográfica de España está constituída polo conxunto de infraestruturas e servizos interoperables de información xeográfica dispoñible sobre o territorio nacional, o mar territorial, a zona contigua, a plataforma continental e a zona económica exclusiva, xerada ou baixo responsabilidade das administracións públicas.

3. A Infraestrutura de Información Xeográfica de España basearase nas infraestruturas e servizos interoperables de información xeográfica das administracións e organismos do sector público de España, e deberá asegurar o acceso aos nodos das infraestruturas de información xeográfica establecidas polas administracións autonómicas, así como a interoperación entre todos eles para os efectos da Directiva 2007/2/CE. Poderá incorporar infraestruturas e servizos interoperables de información xeográfica doutras institucións, entidades ou particulares que así o soliciten.

4. A Infraestrutura de Información Xeográfica de España e o conxunto de infraestruturas e servizos interoperables de información xeográfica que formen parte dela deberán cumprir os principios xerais que establece o artigo 4 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Artigo 2. *Ámbito subxectivo de aplicación.*

1. As disposicións relativas á organización dos servizos de información xeográfica e cartografía do capítulo V serán aplicadas pola Administración xeral do Estado, as entidades xestoras da Seguridade Social, os organismos autónomos, as axencias estatais e outras entidades de dereito público con personalidade xurídica, os consorcios e fundacións do sector público estatal, así como polas administracións autonómicas e locais que opten por integrarse no Sistema Cartográfico Nacional.

2. Sen prexuízo do establecido no número anterior, as administracións e organismos do sector público español aplicarán as disposicións establecidas nesta lei para crear ou desenvolver infraestruturas e servizos de información xeográfica no ámbito da súa competencia, para o cal poderán establecer os mecanismos de colaboración que para tal efecto sexan precisos.

3. Como administracións e organismos do sector público para os efectos desta lei consideraranse os definidos no artigo 2 da Lei 37/2007, do 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público.

4. Tamén será de aplicación esta lei a calquera outra persoa física ou xurídica que, cos fins previstos no número 2 e conforme a lexislación vixente, participe no exercicio de funcións públicas ou preste servizos públicos relacionados co ambiente.

Artigo 3. *Ámbito obxectivo de aplicación.*

1. Para os efectos desta lei, os termos que nela se empregan terán o sentido que se establece a seguir.

a) Infraestrutura de información xeográfica: é unha infraestrutura de datos espaciais, entendida como aquela estrutura virtual en rede integrada por datos xeorreferenciados e servizos interoperables de información xeográfica distribuídos en diferentes sistemas de información, accesible vía internet cun mínimo de protocolos e especificacións normalizadas que, ademais dos datos, as súas descricións mediante metadatos e os servizos interoperables de información xeográfica, inclúa as tecnoloxías de busca e acceso aos ditos datos; as normas para a súa produción, xestión e difusión; os acordos sobre a súa posta en común, acceso e utilización entre os seus produtores e entre estes e os usuarios; e os mecanismos, procesos e procedementos de coordinación e seguimento establecidos e xestionados de conformidade co disposto nesta lei.

b) Datos xeográficos: todos aqueles datos que, de forma directa ou indirecta, fagan referencia a unha localización ou zona xeográfica específica.

c) Conxunto de datos xeográficos: unha recompilación identificable de datos xeográficos.

d) Obxecto xeográfico: representación abstracta dun fenómeno real que corresponde a unha localización ou zona xeográfica específica.

e) Servizo de información xeográfica: operación, ou conxunto de operacións, que poden efectuarse, a través dunha aplicación informática, sobre datos xeográficos ou os seus metadatos.

f) Metadatos: información que describe os conxuntos de datos xeográficos e os servizos de información xeográfica e que fai posible localizalos, inventarialos e utilízalos.

g) Interoperabilidade de servizos de información xeográfica: capacidade, que proporcionan servizos e procedementos especializados, de combinar conxuntos de datos xeográficos e de facilitar a interacción dos servizos de información xeográfica, sen intervención manual repetitiva, de forma que o resultado sexa coherente e se aumente o valor engadido dos datos xeográficos e servizos de información xeográfica.

h) Información xeográfica de referencia: información xeográfica necesaria para que calquera usuario e aplicación poida referenciar os seus datos. Proporciona unha localización precisa para a información, permite cruzar datos de distintas fontes e serve para interpretar datos situándoos nun ámbito xeográfico.

Está composta pola información integrada no Equipamento Xeográfico de Referencia Nacional; as cuadrículas xeográficas e cartográficas multirresolución, normalizadas e harmonizadas; nomenclátors e bases de datos de topónimos xeorreferenciados oficiais; os datos altimétricos e modelos dixitais de elevacións; as instalacións, redes e infraestruturas do transporte; a hidrografía e a descrición da superficie terrestre e da zona costeira marítima próxima, incluíndo as imaxes xeorreferenciadas obtidas por satélite ou sensores aerotransportados; os lugares ou áreas de especial protección ou regulación; a cuberta física e biolóxica da superficie terrestre; as características xeolóxicas dos terreos; a localización xeográfica dos bens inmobles baseada nos identificadores de enderezos; e as entidades de poboación.

Así mesmo, integra a información xeográfica de referencia a parcela catastral, así como os bens inmobles inscritos no Catastro coas súas correspondentes referencias catastrais, todo isto conforme o disposto no texto refundido da Lei do catastro inmobiliario aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2004, do 5 de marzo, ou na correspondente normativa foral.

Os datos xeográficos que integran a información xeográfica de referencia relaciónanse no anexo I desta lei.

i) Datos temáticos fundamentais: os que, baseados en información xeográfica de referencia, singularizan ou desenvolven algún aspecto concreto da información contida naquela ou incorporan información adicional específica, e comprenden datos relativos ao medio físico, a sociedade e a poboación relacionados no anexo II desta lei.

j) Datos temáticos xerais: os que, baseados en información xeográfica de referencia, singularizan ou desenvolven algún aspecto concreto da información contida naquela, ou incorporan información adicional específica non considerada entre os datos especificados nos anexos I e II desta lei e que se relacionan no seu anexo III.

k) Nodo de infraestrutura de información xeográfica: conxunto de servizos interoperables de información xeográfica accesibles, a través da internet, pola acción dun órgano, organismo ou entidade das administracións públicas.

l) Xeoportal: sitio internet ou equivalente que proporciona acceso a servizos interoperables de información xeográfica de varios órganos, organismos ou entidades dunha ou varias administracións públicas, e incorpora, polo menos, un servizo que permita buscar e coñecer os datos e servizos xeográficos accesibles a través del.

2. Esta lei aplicarase a todos os datos xeográficos que cumpran as seguintes condicións:

a) Que se refiran a unha zona xeográfica das relacionadas no artigo 1.2 desta lei e sobre a cal o Estado teña xurisdición.

b) Que estean en formato electrónico.

c) Que a súa produción e mantemento sexa competencia dunha Administración ou organismo do sector público.

d) Que se refiran a información xeográfica de referencia ou datos temáticos fundamentais; ou a datos temáticos xerais existentes, salvagardando neste caso os intereses prioritarios da defensa nacional.

3. No caso de que consten en poder de varias administracións ou organismos do sector público, ou de entidades que actúen en nome destes, copias múltiples idénticas do mesmo conxunto de datos xeográficos, a presente lei só se aplicará á versión de referencia da que procedan as diferentes copias.

4. Non obstante o disposto no número 2 deste artigo, cando os datos xeográficos estean en poder dunha Administración local, esta lei só se aplicará a eles se existe unha norma legal, de ámbito estatal ou autonómico, que requira a súa recollida ou difusión.

5. Esta lei non require para a súa aplicación a recompilación de novos datos xeográficos polas administracións e organismos do sector público.

6. No caso de datos xeográficos que sexan competencia dunha Administración ou organismo do sector público, pero cuxos dereitos de propiedade intelectual pertencen a un terceiro, a Administración ou organismo do sector público poderá actuar conforme a presente lei unicamente co consentimento do dito terceiro.

7. Esta lei aplicarase, así mesmo, aos servizos de información xeográfica desenvolvidos a partir da información xeográfica de referencia ou dos datos temáticos fundamentais e os seus metadatos. Tamén será de aplicación aos datos temáticos xerais especificados no anexo III e aos seus metadatos, conforme o que dispoña a normativa comunitaria e de acordo cos intereses prioritarios da defensa nacional.

CAPÍTULO II

Coordinación e dirección da Infraestrutura de Información Xeográfica de España

Artigo 4. *Funcións en relación coa Infraestrutura de Información Xeográfica de España.*

1. O Consello Superior Xeográfico será o punto de contacto coa Comisión Europea en relación co artigo 19.2 da Directiva europea 2007/2/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de marzo de 2007, pola que se establece unha infraestrutura de información espacial da Comunidade Europea (Inspire).

2. Sen prexuízo das competencias sectoriais ou territoriais de cada autoridade responsable, corresponderán ao Consello Superior Xeográfico as seguintes funcións en relación coa constitución e mantemento da Infraestrutura de Información Xeográfica de España como órgano de coordinación e dirección desta:

a) Propor ás autoridades competentes as accións que deberán desenvolver as administracións ou organismos do sector público para o establecemento da Infraestrutura de Información Xeográfica de España.

b) A garantía de accesibilidade e interoperabilidade desta.

c) A integración das contribucións doutros produtores ou provedores.

3. Para o normal desempeño destas funcións, o Consello Superior Xeográfico deseñará o programa de traballo en que se concreten as actuacións para a efectiva constitución e operatividade da Infraestrutura de Información Xeográfica e determinará a composición do Consello Directivo, no cal estarán representados os tres niveis da Administración, expertos das comisións do Consello Superior Xeográfico, e expertos en políticas de ambiente.

4. Regulamentariamente determinaranse as competencias de coordinación e operatividade da Secretaría Técnica do Consello Superior Xeográfico en relación co xeportal nacional na rede de internet, e co acceso ás bases de metadatos.

Artigo 5. Xeoportal da Infraestrutura de Información Xeográfica de España.

1. Os datos xeográficos e os servizos interoperables de información xeográfica proporcionados a través da rede internet polas distintas administracións ou organismos do sector público integrados na Infraestrutura de Información Xeográfica de España estarán dispoñibles a través do xeoportal da Infraestrutura de Datos Espaciais de España.

2. A Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional, como Secretaría Técnica do Consello Superior Xeográfico, constituirá e manterá o xeoportal da Infraestrutura de Datos Espaciais de España, que permitirá a localización dos datos xeográficos e o acceso aos servizos interoperables que formen parte da Infraestrutura de Información Xeográfica de España.

Todos os nodos con datos xeográficos e servizos interoperables de información xeográfica das administracións públicas deberán ser accesibles a través do referido xeoportal.

O xeoportal da Infraestrutura de Datos Espaciais de España facilitará o enlace cos xeoportais das infraestruturas de información xeográfica das administracións autonómicas, e posibilitará o acceso e a interoperación cos datos xeográficos e servizos interoperables de información xeográfica que proporcionen os devanditos xeoportais.

3. O xeoportal da Infraestrutura de Datos Espaciais de España proporcionará acceso aos servizos de información xeográfica, mencionados no artigo 11, número 1, desta lei, e servirá de punto de acceso nacional de acordo co establecido polo artigo 15, número 2, da Directiva europea 2007/2/CE.

Artigo 6. Normas que se deberán cumprir no establecemento de infraestruturas e servizos de información xeográfica.

1. As normas de execución polas cales se establezan as disposicións técnicas correspondentes á interoperabilidade e, de ser o caso, a harmonización dos datos xeográficos e servizos de información xeográfica, destinadas a completar e especificar os regulamentos e disposicións comunitarios e a definir as pautas técnicas e operativas de actuación en aplicación desta lei, serán establecidas polo Consello Superior Xeográfico e serán propostas por este ás autoridades competentes para a súa adopción. Na elaboración destas normas de execución teranse en conta as demandas dos usuarios e seguiranse as normas de execución aprobadas en desenvolvemento da Directiva europea 2007/2/CE no ámbito de Unión Europea e as normas e especificacións internacionais, europeas e españolas para a harmonización dos datos xeográficos e servizos de información xeográfica.

2. As administracións públicas garantirán que todos os datos xeográficos e servizos de información xeográfica estean dispoñibles, de conformidade coas normas de execución a que se refire o número 1, nos prazos que establece a Directiva europea 2007/2/CE. Os datos xeográficos adecuaranse a tales normas de execución, ditadas pola Comisión Europea, mediante a modificación, de ser o caso, dos datos xeográficos xa existentes, ou mediante a súa transformación utilizando os servizos especificados no artigo 11.1.d) desta lei.

3. As normas de execución a que se refire o número 1 facilitarán a definición, clasificación e xeorreferenciación dos obxectos xeográficos correspondentes a datos xeográficos dos tipos especificados no artigo 3.2.d) e incluídos nos anexos I, II e III desta lei.

4. A través do Consello Superior Xeográfico, os representantes das administracións ou organismos do sector público, ou de entidades que actúen en nome destes, participarán na preparación do contido das normas de execución a que se refire o número 1 deste artigo, antes da súa aceptación polo Consello Directivo da Infraestrutura de Información Xeográfica de España. Así mesmo, corresponderá a este e ás administracións ou organismos do sector público responsables dos datos xeográficos enumerados nos anexos I, II e III desta lei a iniciativa para complementar ou especificar, de ser necesario, as normas comunitarias de execución.

Igualmente, outras persoas físicas ou xurídicas que pola súa función dentro das infraestruturas de información xeográfica teñan un interese nos datos xeográficos de que se trate terán a oportunidade de participar na preparación do contido das normas de execución.

5. As normas de execución conterán a información técnica necesaria para determinar:

- a) Un marco común de identificación única dos obxectos xeográficos, para os efectos de garantir a interoperabilidade entre eles.
- b) A relación entre obxectos xeográficos.
- c) Os principais atributos e o correspondente thesaurus multilingüe, conforme as linguas oficiais do Estado español e, polo menos, o portugués, o francés e o inglés.
- d) A dimensión temporal dos datos.
- e) As actualizacións dos datos.

6. As normas de execución asegurarán a coherencia entre os elementos informativos relativos a un mesmo lugar que poidan producir dúas entidades do ámbito europeo ou entre os relativos a un mesmo obxecto xeográfico representado en diferentes escalas.

7. As normas de execución garantirán que a información procedente de diferentes conxuntos de datos xeográficos sexa comparable en canto aos aspectos mencionados nos números 3 e 6 deste artigo.

8. As comunidades autónomas con competencias no ámbito da cartografía e da información xeográfica participarán na elaboración das normas técnicas que estableza a Comisión Europea nos termos que se acorde con elas.

Artigo 7. Normas para asegurar a interoperabilidade.

1. Para asegurar a interoperabilidade entre os sistemas de información xeográfica, as solucións tecnolóxicas aplicadas deberán cumprir os criterios e recomendacións establecidos no Esquema Nacional de Interoperabilidade e no Esquema Nacional de Seguridade, en aplicación da Lei 11/2007; así como as especificacións técnicas que determine o Consello Superior Xeográfico, considerando os estándares internacionais e os que se establezan como normas de execución en desenvolvemento da Directiva europea 2007/2/CE.

2. As normas de execución polas cales se establezan as especificacións técnicas correspondentes á interoperabilidade dos datos xeográficos e servizos de información xeográfica non consideradas nos Esquemas Nacionais de Interoperabilidade ou de Seguridade, serán aprobadas polo Consello Superior Xeográfico por proposta do Consello Directivo da Infraestrutura de Información Xeográfica de España, con suxeición ás normas procedentes da Comisión Europea.

CAPÍTULO III

Datos xeográficos e servizos interoperables de información xeográfica

Sección 1.^a Posta en común de datos xeográficos e servizos interoperables de información xeográfica

Artigo 8. Posta en común dos datos xeográficos e servizos interoperables de información xeográfica.

1. As administracións públicas adoptarán as medidas necesarias para a posta en común dos datos xeográficos e servizos de información xeográfica baixo a súa responsabilidade, mediante unha relación de cooperación entre elas e coas institucións e órganos da Unión Europea. Estas medidas permitirán que as administracións e organismos do sector público teñan acceso mutuo aos datos xeográficos e aos servizos de información

xeográfica e poidan intercambialos e utilízaos no desempeño das súas respectivas competencias. Entre estas medidas comúns estarán as tendentes a establecer as infraestruturas de información xeográfica baixo a súa responsabilidade, asegurando, simultaneamente, que sexan accesibles e interoperables a través do xeoportalo da Infraestrutura de Datos Espaciais de España.

2. Salvo que así o dispoña unha lei, as medidas citadas no número anterior exclúiran todo tipo de restricións que poidan orixinar obstáculos prácticos para a posta en común de datos xeográficos e servizos interoperables de información xeográfica.

3. As administracións públicas poderán permitir que os órganos e organismos do sector público que subministran datos xeográficos dixitais e servizos interoperables de información xeográfica o fagan mediante a concesión das correspondentes licenzas ás entidades públicas, administracións ou organismos do sector público e institucións e órganos da Unión Europea. De igual forma, conforme a norma correspondente, poderán exixir o pagamento de taxas ou prezos públicos pola cesión dos datos ou pola prestación dos servizos de información xeográfica. Calquera medida deberá ser compatible co obxectivo de facilitar a posta en común de datos xeográficos e servizos interoperables de información xeográfica entre as administracións ou organismos do sector público. No caso de que se cobren taxas ou prezos públicos, estes deberán limitarse ao mínimo requirido para garantir a calidade e a subministración necesarias dos datos xeográficos dixitais e servizos interoperables de información xeográfica, ao tempo que se respectan os requisitos de autofinanciamento das administracións e organismos do sector público que os subministren, se procede.

Non poderán estar suxeitos a taxa ou prezo público ningún os datos xeográficos e servizos interoperables de información xeográfica que as administracións ou organismos do sector público proporcionan ás institucións e órganos da Unión Europea co fin de cumprir as obrigas en materia de información establecidas pola lexislación comunitaria relacionada co ambiente.

4. As referidas medidas facilitarán a posta en común de datos xeográficos e servizos interoperables de información xeográfica coas administracións ou organismos do sector público dos Estados membros da Unión Europea e coas institucións e órganos da Unión Europea en materia de ambiente, en condicións harmonizadas e conforme as normas de ámbito europeo que se definan en desenvolvemento da Directiva europea 2007/2/CE, do 14 de marzo de 2007.

5. As medidas anteriores facilitarán, sobre unha base de reciprocidade e de igualdade de trato, ás entidades constituídas mediante acordos internacionais dos que sexan parte a Unión Europea e os Estados membros da Unión Europea, o desempeño de funcións que poidan incidir no ambiente. Estes acordos poderán incluír exixencias que impongan condicións á utilización sempre que sexan conformes co establecido pola lexislación en España.

6. O acceso aos servizos de información xeográfica especificados no número 1 do artigo 11 desta lei será gratuíto para as entidades que formen parte do Sistema Cartográfico Nacional.

7. Non obstante o disposto neste artigo, poderase limitar a posta en común dos datos xeográficos ou dos servizos interoperables de información xeográfica cando isto poña en perigo a seguridade pública, incluída a acción ante emerxencias, a defensa nacional ou as relacións internacionais, ou así o acorde un tribunal conforme a lexislación procesual.

Sección 2.^a Descrición dos datos e servizos xeográficos

Artigo 9. A descrición dos datos e servizos xeográficos mediante metadatos.

1. As administracións públicas asegurarán a creación e actualización de metadatos para os datos xeográficos e servizos de información xeográfica que se especifican nas alíneas h), i) e j) do artigo 3.1 desta lei, e que quedan enumerados nos anexos I, II e III desta lei.

2. Os metadatos incluírán información sobre os seguintes aspectos:

- a) A conformidade dos conxuntos de datos ou servizos xeográficos coas normas comunitarias de execución e aquelas a que se refire o artigo 6.
- b) As condicións que rexen o acceso aos datos xeográficos e servizos interoperables de información xeográfica e a súa utilización e, de ser o caso, as taxas e prezos públicos que puideren corresponder.
- c) A calidade e validez dos datos ou servizos xeográficos.
- d) As administracións ou organismos do sector público, entidades que actúen en nome destes, ou outras persoas físicas ou xurídicas, responsables do establecemento, xestión, mantemento e distribución dos datos xeográficos e servizos interoperables de información xeográfica.
- e) As limitacións do acceso público e as razóns desta limitación, conforme o disposto no artigo 13.
- f) Un breve resumo descritivo do contido dos conxuntos de datos ou servizos xeográficos.
- g) O uso específico para o cal se crearon eses datos ou servizos xeográficos.
- h) A información sobre o sistema de referencia e a localización do ámbito xeográfico en que está situado o conxunto de datos xeográficos.
- i) Os aspectos temáticos principais a que se refiren os datos xeográficos.
- j) A información adicional á anterior que se considere conveniente, sempre que estea definida na Recomendación adoptada polo Consello Superior Xeográfico de contido mínimo dos metadatos dos datos xeográficos.

3. As administracións públicas adoptarán as medidas necesarias para garantir que os metadatos estean completos e teñan unha calidade suficiente para cumprir o obxectivo establecido no artigo 3.1.f).

Artigo 10. *Prazo para a creación dos metadatos.*

As administracións públicas crearán os metadatos, coa información a que se refire o artigo 9, de conformidade coas normas de execución da Directiva 2007/2/CE e nos prazos que esta establece, así como coas normas de execución a que se refire o artigo 6.

Sección 3.^a Os servizos interoperables de información xeográfica nas infraestruturas de información xeográfica

Artigo 11. *Servizos interoperables de información xeográfica que deberán estar accesibles nas infraestruturas de información xeográfica das administracións públicas.*

1. As administracións públicas establecerán e xestionarán unha rede de servizos interoperables de información xeográfica, asegurando a creación de metadatos para estes servizos e para os datos xeográficos relacionados con eles, de forma que, a través da devandita rede, se proporcione aos usuarios o acceso aos seguintes tipos de servizos de información xeográfica:

- a) Servizos de localización que posibiliten a busca de conxuntos de datos xeográficos e servizos de información xeográfica, partindo dos metadatos correspondentes e que mostren o seu contido.
- b) Servizos de visualización que permitan, como mínimo, mostrar, navegar, achegarse ou afastarse para concretar ou ampliar o campo de visión, moverse ou superpor os datos xeográficos, así como mostrar os signos convencionais e, opcionalmente, consultar os atributos dos datos xeográficos; deberá ser posible acceder a estes servizos de visualización directamente desde servizos de localización.
- c) Servizos de descarga que permitan xerar copias de datos xeográficos, ou partes deles, e, cando sexa posible, acceder directamente ao seu contido para construír servizos de valor engadido ou integralos na lóxica de aplicacións de usuario.
- d) Servizos de transformación que permitan adaptar os datos xeográficos para garantir a súa interoperabilidade.

e) Servizos de provisión de acceso aos anteriores servizos.

2. Os servizos de información xeográfica terán en conta os requisitos dos usuarios e serán de fácil uso, a través da internet ou de calquera outro servizo de telecomunicacións, e estarán condicionados ao cumprimento polos interesados dos requirimentos técnicos que permitan a interoperabilidade dos seus sistemas coas infraestruturas de información xeográfica das administracións públicas.

3. En relación cos servizos de localización, deberá aplicarse, como mínimo, a seguinte combinación de criterios de busca:

- a) Palabras clave.
- b) Clasificación de datos xeográficos e servizos de información xeográfica.
- c) Calidade e validez dos datos xeográficos, con especial atención á súa dimensión temporal.
- d) Grao de conformidade coas normas comunitarias de execución e aquelas a que se refire o artigo 6.
- e) Localización xeográfica.
- f) Condicións que rexen o acceso e uso dos datos xeográficos e servizos de información xeográfica.
- g) Administracións ou organismos do sector público, entidades que actúen en nome destes, ou outras persoas físicas ou xurídicas, responsables da creación, xestión, mantemento e distribución de datos xeográficos e servizos de información xeográfica.

4. Os servizos de transformación combinaranse cos demais servizos previstos no número 1 de forma que poidan funcionar de acordo coas normas comunitarias de execución e aquelas a que se refire o artigo 6.

Artigo 12. *Interoperación dos servizos de información xeográfica.*

1. As administracións ou organismos do sector público ou entidades que actúen en nome destes, responsables da creación, xestión, mantemento e distribución dos datos xeográficos e servizos de información xeográfica, disporán da posibilidade técnica de conectar á rede os seus servizos de información xeográfica e interoperar a través dela. Esta posibilidade técnica tamén se porá á disposición de terceiros cuxos datos xeográficos e servizos de información xeográfica cumpran as normas de execución relativas a metadatos, servizos en rede e interoperabilidade, logo de solicitude.

2. O Consello Superior Xeográfico vixiará o cumprimento do establecido no número anterior. Para iso, o Consello Directivo da Infraestrutura de Información Xeográfica de España elevará á Comisión Permanente do Consello Superior Xeográfico, anualmente, un informe sobre os extremos acreditativos do seu cumprimento.

Artigo 13. *Limitacións de acceso público aos datos xeográficos ou servizos de información xeográfica.*

1. O acceso aos servizos de información xeográfica será público; protexeranse os intereses de terceiros máis dignos de protección e garantirase o cumprimento da lexislación vixente en materia de acceso á información pública.

2. Non obstante o disposto no número anterior, as administracións públicas poderán limitar o acceso público aos datos xeográficos e servizos de información xeográfica a través dos servizos mencionados no artigo 11.1.a) cando o dito acceso poida afectar negativamente as relacións internacionais, a seguridade pública ou a defensa nacional.

3. Non obstante o disposto no número 1, as administracións públicas poderán limitar o acceso público aos datos xeográficos e servizos de información xeográfica a través dos servizos mencionados no artigo 11.1.b), c), d) e e), ou aos servizos de comercio electrónico mencionados no artigo 14.5, cando o citado acceso poida afectar negativamente calquera dos seguintes aspectos:

- a) A confidencialidade dos procedementos das administracións ou organismos do sector público, cando tal confidencialidade estea ordenada por lei.
- b) As relacións internacionais, a defensa nacional ou a seguridade pública.
- c) O desenvolvemento dun proceso xudicial, cando así o decida un tribunal de acordo coa lexislación procesual, así como o desenvolvemento dos procedementos sancionadores e disciplinarios das administracións públicas, cando así o prevexa a normativa aplicable.
- d) A confidencialidade de datos de carácter comercial e industrial, cando tal confidencialidade estea prevista na lexislación vixente no seu ámbito de competencia ou en ámbitos superiores, e de obrigado cumprimento no ámbito territorial da Administración pública correspondente, co fin de protexer intereses económicos lexítimos, incluído o interese público de manter a confidencialidade estatística e o segredo fiscal.
- e) Os dereitos de propiedade intelectual.
- f) A confidencialidade dos datos ou expedientes persoais correspondentes a unha persoa física, conforme o establecido pola Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, nos casos en que esta non autorizase a súa difusión ao público.
- g) Os intereses ou a protección de toda persoa que facilitase a información solicitada con carácter voluntario sen estar, ou sen ser susceptible de estar, sometida a unha obriga legal de facelo, salvo que a dita persoa consentise a divulgación da información de que se trate.
- h) O cumprimento do artigo 13.2 da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente.

4. Salvo que así o dispoña unha lei, os motivos que xustifican a limitación do acceso interpretaranse de maneira restritiva, tendo en conta o interese público que ampara a garantía de acceso. En cada caso concreto, o interese público en que se ampara a divulgación deberá sopesarse co interese que xustifica a limitación ou condicionamento do acceso.

5. As administracións públicas non poderán limitar, en virtude do número 3, a), d), f), g) ou h) deste artigo, o acceso á información relativa ás emisións no ambiente.

6. Neste contexto e para os efectos da aplicación do número 1, as administracións públicas garantirán o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 14. *Condicións de acceso aos servizos de información xeográfica.*

1. As administracións públicas poderán permitir o acceso do público aos servizos especificados no número 1 do artigo 11 mediante a concesión, de ser o caso, dunha licenza.

2. As administracións públicas garantirán que os servizos a que se refire o artigo 11.1.a) e b) se poñan de forma gratuíta á disposición do público.

3. Nos termos normativamente establecidos, unha Administración ou organismo do sector público, ou as entidades que actúen en nome deles, que subministre un dos servizos mencionados no artigo 11.1.b), poderá cobrar taxas ou prezos para garantir o mantemento dos datos xeográficos e os servizos de información xeográfica correspondentes, en particular nos casos en que se trate de cantidades moi grandes de datos actualizados con frecuencia.

4. Os datos dispoñibles mediante os servizos de visualización a que se refire o artigo 11.1.b) poderanse presentar nunha forma que impida a súa reutilización con fins comerciais.

5. Non obstante, no caso de que as administracións ou organismos do sector público, ou entidades que actúen en nome deles, cobren polos servizos a que se refire o artigo 11.1.b), c), d) ou e), deberán garantir a dispoñibilidade de servizos de comercio electrónico. Estes servizos poderán estar suxeitos a cláusulas de descarga de responsabilidade, licenzas por aceptación ou, cando sexa necesario, licenzas expresas. No caso de estaren

suxeitos a licenzas, estas deberán ser conformes co establecido polos artigos 4.3 e 9 da Lei 37/2007.

6. Os servizos de localización, visualización e descarga para xerar copias sobre as series de cartografía topográfica que integran o Mapa Topográfico Nacional, en escalas 1:25.000 e 1:50.000, serán gratuítos. O Instituto Xeográfico Nacional garantizará a súa conservación coa actualización que determine o Goberno.

CAPÍTULO IV

Infraestrutura de Información Xeográfica da Administración Xeral do Estado

Artigo 15. Xeoportal da Infraestrutura de Información Xeográfica da Administración xeral de Estado.

1. Os datos xeográficos e os servizos interoperables de información xeográfica proporcionados polos distintos órganos, organismos e entes públicos da Administración xeral do Estado integraranse na Infraestrutura de Información Xeográfica da Administración Xeral do Estado, e estarán dispoñibles mediante o xeoportal da Infraestrutura de Datos Espaciais da Administración xeral do Estado.

2. Sen prexuízo das funcións que o ordenamento xurídico atribúe ao Consello Superior Xeográfico, a Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional prestará servizo ás autoridades competentes e para tal fin coordinará e operará a Infraestrutura de Información Xeográfica da Administración Xeral do Estado, mantendo e xestionando o referido xeoportal na rede internet, o cal deberá enlazar e dirixir os usuarios cara aos xeoportais e nodos con datos xeográficos e servizos interoperables de información xeográfica establecidos pola Administración xeral do Estado.

Igualmente, a Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional constituirá e manterá un catálogo de metadatos e servizos, a partir das descrições da información que decidan fornecer, de ser o caso, os axentes produtores da Administración xeral do Estado.

Artigo 16. Funcións da Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional en relación coa Infraestrutura de Información Xeográfica da Administración Xeral do Estado.

1. Corresponderán á Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional as seguintes funcións en relación coa constitución e mantemento da Infraestrutura de Información Xeográfica da Administración Xeral do Estado e o seu xeoportal:

a) Propor as accións necesarias que deberán desenvolver os órganos da Administración xeral do Estado para o seu establecemento.

b) Dar soporte, se é o caso, aos órganos da Administración xeral do Estado para que establezan as infraestruturas de información xeográfica ou, polo menos, os seus nodos, asegurando que estes sexan accesibles e interoperables mediante a Infraestrutura de Información Xeográfica de España e a Infraestrutura de Información Xeográfica da Administración Xeral do Estado.

c) Deseñar o programa de traballo para a súa constitución e operatividade plena.

2. No caso de que un axente da Administración xeral do Estado necesite asistencia técnica para a creación do nodo correspondente a unha información xeográfica de referencia ou dato temático fundamental dos considerados no artigo 3.1.h) e i) desta lei, poderá solicitala á Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional.

CAPÍTULO V

Organización dos servizos de información xeográfica e cartografía

Artigo 17. *O Sistema Cartográfico Nacional.*

1. O Sistema Cartográfico Nacional é un modelo de actuación que persegue o exercicio eficaz das funcións públicas en materia de información xeográfica mediante a coordinación da actuación dos diferentes operadores públicos cuxas competencias concorren neste ámbito.

2. O Goberno, con respecto á vixente distribución competencial e contando co informe previo do Consello Superior Xeográfico, regulará o Sistema Cartográfico Nacional co fin de alcanzar os seguintes obxectivos:

a) Garantir a homoxeneidade da información producida polos organismos públicos que formen parte del e que de xeito concorrente desenvolven actividades cartográficas no territorio nacional, para asegurar así a coherencia, continuidade e interoperabilidade da información xeográfica sobre o territorio español.

b) Favorecer a eficiencia no gasto público destinado a cartografía e sistemas de información xeográfica, evitando a dispersión e duplicidade dos recursos públicos utilizados e promovendo a cooperación interinstitucional.

c) Asegurar a dispoñibilidade pública e a actualización dos datos xeográficos de referencia.

d) Optimizar a calidade da produción cartográfica oficial e a súa utilidade como servizo ao público, facilitando o acceso á información xeográfica e favorecendo a competitividade do sector cartográfico privado.

3. Para o cumprimento de tales obxectivos, o Goberno regulará, no marco definido conxuntamente por esta lei e pola Lei 7/1986, do 24 de xaneiro, de ordenación da cartografía, e con respecto á distribución competencial establecida, os seguintes instrumentos:

a) O Equipamento Xeográfico de Referencia Nacional, integrado polo Sistema de Referencia Xeodésico; polo Sistema Oficial de Coordenadas; pola toponimia oficial recollida no Nomenclátor Xeográfico Básico de España; polas delimitacións territoriais inscritas no Rexistro Central de Cartografía; e polo Inventario Nacional de Referencias Xeográficas Municipais, que reflectirá a situación xeográfica de cada entidade local contida no Rexistro de Entidades Locais.

b) O Plan Cartográfico Nacional, como instrumento de planificación da produción cartográfica oficial realizada pola Administración xeral do Estado, e as súas relacións cos demais plans de produción da cartografía oficial.

c) O Rexistro Central de Cartografía, como órgano administrativo adscrito ao Ministerio de Fomento a través da Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional, que garante a fiabilidade e interoperabilidade dos datos xeográficos oficiais, e a súa conexión cos correspondentes rexistros autonómicos.

d) A Infraestrutura de Información Xeográfica de España.

e) O Consello Superior Xeográfico.

4. De acordo coa regulación que efectúe o Goberno, contando co informe previo da Comisión Territorial do Consello Superior Xeográfico, formarán parte do Sistema Cartográfico Nacional as entidades que teñan atribuídas as funcións de recollida, almacenamento, tratamento ou difusión de información xeográfica nas seguintes administracións públicas:

a) A Administración xeral do Estado e as entidades do sector público estatal.

b) A Administración das comunidades autónomas, sempre que manifesten a súa vontade de integrarse nel.

c) As cidades con estatuto de autonomía e as demais entidades locais, sempre que manifesten a súa vontade de integrarse nel conforme dispoña, de ser o caso, a normativa autonómica.

Artigo 18. *Producción da información xeográfica e a cartografía oficiais.*

1. Todos os axentes públicos integrados no Sistema Cartográfico Nacional poderán producir a cartografía e a información xeográfica que precisen para o exercicio das súas respectivas competencias, en función das súas específicas condicións de integración. Non obstante, co fin de alcanzar a máxima eficiencia do sistema, a referida produción axustarase á seguinte distribución indicativa e non excluínte de atribucións:

a) A Administración xeral do Estado producirá a cartografía náutica, a cartografía topográfica de series nacionais a escalas 1:25.000, 1:50.000 e menores e calquera cartografía temática que precise no exercicio das súas competencias; e a información xeográfica equivalente a esas escalas e cartografía, topográfica ou temática, que inclúa territorios fronteirizos ou que abrangan máis dunha comunidade autónoma.

b) As comunidades autónomas producirán a cartografía topográfica a escalas maiores de 1:25.000 e calquera cartografía temática que precisen no exercicio das súas competencias; e a información xeográfica equivalente a esas escalas, sobre o seu propio territorio.

c) As entidades locais producirán a cartografía topográfica a escalas maiores que 1:5.000 e calquera cartografía temática que precisen no exercicio das súas competencias; e a información xeográfica equivalente a esas escalas, dentro dos seus límites territoriais.

2. Inscribírase no Rexistro Central de Cartografía, ou nos rexistros autonómicos que estean telematicamente conectados con este, a información xeográfica de referencia, conforme o establecido no artigo 3.1.h) desta lei; a cartografía náutica; a cartografía topográfica, básica e derivada; así como as fotografías aéreas e imaxes espaciais que servisen de base para a súa realización e as ortofotos e ortoimaxes correspondentes, salvaguardando os intereses prioritarios da defensa nacional. Tamén se poderá inscribir, logo de informe do Consello Superior Xeográfico, por proposta do ministro ou da autoridade autonómica correspondente, a cartografía temática elaborada polas administracións públicas, ou baixo a súa dirección ou control.

3. Non se poderá producir de maneira oficial información xeográfica de referencia ou cartografía xa inscrita no Rexistro Central de Cartografía, ou nos rexistros autonómicos que estean telematicamente conectados con este, salvo que non reúna as necesarias condicións de actualización ou de axuste a criterios normalizados e, ao pretender a súa revisión, o seu titular denegue expresamente o permiso para a súa utilización.

4. O Plan Cartográfico Nacional incluírá as normas técnicas de produción pola Administración xeral de Estado da información xeográfica de referencia e a cartografía oficial, por proposta das autoridades competentes, e os criterios de homologación, harmonización e coordinación da produción das administracións integradas no Sistema Cartográfico Nacional. Para iso habilitará mecanismos de colaboración e coordinación co Plan Cartográfico das Forzas Armadas e cos plans que, en exercicio das súas respectivas competencias, aproben as comunidades autónomas.

Artigo 19. *O Consello Superior Xeográfico.*

1. O Consello Superior Xeográfico é o órgano colexiado de dirección do Sistema Cartográfico Nacional, adscrito ao Ministerio de Fomento, que exerce a función consultiva e de planificación xeral da información xeográfica e a cartografía oficial, con respecto ao exercicio das súas respectivas responsabilidades polas autoridades competentes.

2. Na súa composición reflectirase a diversidade funcional, con atención específica ás políticas de ambiente, e territorial, de forma que, polo menos, estará dotado dunha comisión permanente, con capacidade executiva sobre o sistema, e dunha comisión

territorial, que inclúa todos os representantes das administracións autonómicas integradas no Sistema Cartográfico Nacional e un representante proposto pola asociación de entidades locais de maior implantación no territorio nacional, con efectiva capacidade de proposta e de veto sobre as decisións que poidan afectar as competencias dalgunha comunidade autónoma ou entidade local.

3. A presidencia do Consello Superior Xeográfico será exercida por un órgano superior ou directivo do Ministerio de Fomento; e a secretaría técnica, a presidencia da Comisión Permanente e da Comisión Territorial serán exercidas pola Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional.

Artigo 20. *Difusión da información xeográfica.*

1. O Equipamento Xeográfico de Referencia Nacional que estea integrado por información xeográfica dixital producida por operadores públicos que formen parte do Sistema Cartográfico Nacional, así como os seus metadatos, será información do sector público e o seu uso, en calquera caso, terá carácter libre e gratuíto mencionando a orixe e propiedade dos datos.

2. Cando se trate de información xeográfica coproducida por distintos operadores públicos integrados no Sistema Cartográfico Nacional, a política de datos que se aplicará será determinada por convenio entre eles, salvagardando o cumprimento do establecido no punto anterior.

Artigo 21. *Relacións internacionais.*

1. As relacións en materia de información xeográfica e cartografía con outros países ou con organizacións de carácter internacional ou supranacional serán reguladas logo de informe do Consello Superior Xeográfico.

2. A Secretaría Técnica do Consello Superior Xeográfico propondrá a incorporación ao Sistema Cartográfico Nacional da normativa técnica sobre cartografía básica e a súa correspondente información xeográfica, aprobada polas institucións internacionais competentes, e velará polo seu cumprimento.

3. Co fin de garantir a coherencia dos datos espaciais relativos a un elemento xeográfico situado sobre as fronteiras de España con Estados limítrofes, a Secretaría Técnica do Consello Superior Xeográfico procederá á descrición e posición de tales elementos comúns co obxectivo de propor ás autoridades competentes o acordo cos referidos Estados.

Disposición adicional primeira. *Uso das linguas oficiais.*

1. Na utilización das infraestruturas de información xeográfica polos cidadáns, así como nos sistemas e aplicacións utilizados na súa xestión, garantirase o uso das linguas oficiais do Estado, nos termos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na normativa que en cada caso resulte de aplicación.

2. Para estes efectos, as infraestruturas de información xeográfica cuxa Administración pública responsable teña competencia sobre territorios con réxime de cooficialidade lingüística posibilitarán o acceso á súa información e servizos xeográficos nas linguas correspondentes.

3. Cada Administración pública afectada determinará o calendario para o cumprimento progresivo do previsto nesta disposición. Deberá garantir o seu cumprimento total nun prazo máximo de dous anos desde a data de entrada en vigor desta lei.

Disposición adicional segunda. *Fomento do uso da información xeográfica dixital.*

No ámbito da Administración xeral do Estado impulsárase unha política de difusión libre da información xeográfica de referencia e da cartografía topográfica dixitais, co obxecto de facilitar a utilización da dita información como base para que calquera usuario ou aplicación poida xeorreferenciar os seus datos xeográficos temáticos.

Disposición adicional terceira. *Cartografía catastral.*

1. A cartografía catastral rexeráse polo establecido no texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2004, do 5 de marzo, e as súas normas de desenvolvemento, ou pola correspondente normativa foral, así como, supletoriamente, polo establecido nesta lei e na Lei 7/1986, do 24 de xaneiro, de ordenación da cartografía.

2. Cando exista cartografía topográfica oficial inscrita no Rexistro Central de Cartografía e debidamente actualizada, realizada por algún dos axentes integrados no Sistema Cartográfico Nacional, a cartografía catastral correspondente actualizaráse ou realizaráse a partir dela.

3. En ausencia da cartografía topográfica necesaria ou en caso de non chegar a un acordo co axente produtor, a Dirección Xeral do Catastro ou as correspondentes autoridades forais poderán produci-la, e solicitar a súa inscrición ao Rexistro Central de Cartografía.

Disposición adicional cuarta. *Plan de medios para a implantación da lei polas administracións públicas.*

No prazo de seis meses a partir da entrada en vigor desta lei, o Consello Superior Xeográfico elaborará un plan de medios para a súa implantación polas administracións públicas, de acordo cos principios de coordinación, eficacia, eficiencia e austeridade. O citado plan conterá as previsións de medios, os prazos de implantación e os sistemas de avaliación periódicos necesarios.

Disposición adicional quinta. *Modernización da lexislación estatal en materia cartográfica.*

O Consello Superior Xeográfico, no prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei, analizará a modernización da lexislación estatal en materia de cartografía. A proposta de refundición que elabore o Consello, logo de informe favorable da Comisión Territorial, será elevada ao titular do Ministerio de Fomento.

Disposición adicional sexta. *Modificación do artigo 83 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, mediante a adición a el dun novo número 4.*

Modifícase o artigo 83 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, engadíndolle un novo número 4 do seguinte teor:

«4. Na concesión de obras públicas o importe da garantía definitiva calcularáse aplicando o 5 por cento sobre o valor estimado do contrato, cuantificado conforme o establecido no artigo 76.3.

O órgano de contratación, atendidas as características e a duración do contrato, poderá prever nos pregos, xustificándoo adecuadamente, a posibilidade de reducir o importe da garantía definitiva, unha vez executada a obra e durante o período previsto para a súa explotación. Sen prexuízo doutros criterios que poidan establecerse nos pregos, esta redución será progresiva e inversamente proporcional ao tempo que reste de vixencia do contrato, sen que poida supor unha minoración do importe da garantía por debaixo do 2 por cento do valor estimado do contrato.»

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Esta lei traspón ao ordenamento xurídico español a Directiva 2007/2/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de marzo de 2007, pola que se establece unha infraestrutura de información espacial na Comunidade Europea (Inspire).

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

1. A presente lei ten carácter de lexislación básica ao abeiro do disposto no artigo 149.1.18.^a da Constitución e, no que respecta á incorporación ao ordenamento xurídico español da Directiva 2007/2/CE nos seus aspectos aplicables ás políticas de ambiente, conforme o artigo 149.1.23.^a da Constitución española.

2. Exceptúanse do disposto no número anterior:

- a) O capítulo IV e a disposición adicional segunda.
- b) A disposición adicional terceira, por ditarse ao abeiro do artigo 149.1.14.^a da Constitución.

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento regulamentario.*

1. O Goberno, no ámbito das súas competencias, ditará cantas disposicións sexan necesarias para a execución e desenvolvemento do establecido nesta lei.

2. Mentres non se produzan os desenvolvementos regulamentarios a que se refire o número anterior, continuará vixente o Real decreto 1545/2007, do 23 de novembro, polo que se regula o Sistema Cartográfico Nacional, en todo o que non se opoña ao establecido nesta lei.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor aos dous meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Polo tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 5 de xullo de 2010.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

ANEXO I

Información xeográfica de referencia

A información xeográfica de referencia estará constituída por:

1. O Equipamento Xeográfico de Referencia Nacional, que está integrado por:
 - a) O Sistema de Referencia Xeodésico, do que forman parte as redes nacionais xeodésicas e de nivelacións.
 - b) O Sistema Oficial de Coordenadas, do que forman parte tanto as coordenadas xeográficas que permiten referenciar de forma unívoca a información xeográfica no espazo como unha serie de coordenadas (latitude, lonxitude e altura), como as coordenadas planas do Sistema de Proxección UTM, en escalas superiores a 1:500.000, ou que permite referenciar de forma unívoca a información xeográfica no espazo como unha serie de coordenadas (x, y, z), en ambos os casos baseándose no Sistema de Referencia Xeodésico.
 - c) A toponimia oficial recollida no Nomenclátor Xeográfico Básico de España.
 - d) As delimitacións territoriais inscritas no Rexistro Central de Cartografía.
 - e) O Inventario Nacional de Referencias Xeográficas Municipais, que reflectirá a situación xeográfica de cada entidade local contida no Rexistro de Entidades Locais.

2. Outros nomenclátore e topónimos xeorreferenciados oficiais non incluídos no Nomenclátor Xeográfico Básico de España.

3. A parcela catastral, definida como porción de solo que constitúe o obxecto xeográfico básico da cartografía catastral e que delimita a xeometría do dereito de propiedade dun propietario ou de varios pro indiviso, así como os demais bens inmobles inscritos no Catastro coas súas correspondentes referencias catastrais, todo isto conforme o disposto no texto refundido da Lei do catastro inmobiliario aprobado polo Real decreto legislativo 1/2004, do 5 de marzo, ou na correspondente normativa foral.

4. Os datos altimétricos, modelos dixitais de elevacións e do terreo para as superficies de terra, áreas de auga e xeo e mar, incluíndo tanto altimetría como batimetría e liña de costa.

5. As instalacións, redes e infraestruturas do transporte, incluíndo redes de estradas, ferrocarril, transporte aéreo e vías navegables, camiños e vías pecuarias coas súas correspondentes infraestruturas. Inclúiranse as conexións entre redes diferentes, así como a rede transeuropea de transporte, segundo a definición da Decisión 1692/96/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 1996, sobre as orientacións comunitarias para o desenvolvemento da rede transeuropea de transporte.

6. Os elementos hidrográficos, que constitúen o dominio público hidráulico, conforme establece o Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas, incluíndo as masas de auga superficial de tipo río, lago, lagoa, augas de transición ou costeiras, as masas de auga subterránea, as zonas mariñas, así como as bacías e sub-bacías hidrográficas.

7. A descrición da superficie terrestre e da zona costeira marítima próxima, incluíndo as imaxes xeorreferenciadas obtidas por satélite ou sensores aerotransportados.

8. Os lugares ou áreas de especial protección ou regulación, como zonas designadas ou xestionadas dentro dun marco legislativo internacional, comunitario, nacional ou das administracións autonómicas.

9. As cubertas física e biolóxica da superficie terrestre, incluídas as superficies artificiais, as zonas agrarias, os bosques, as zonas naturais ou seminaturais, as zonas húmidas ou as láminas de auga.

10. As características xeolóxicas segundo a composición e estrutura do terreo. Inclúiranse a plataforma de rocha firme, os acuíferos e a xeomorfoloxía.

11. A localización xeográfica dos bens inmobles baseada en identificadores de enderezos, como, por exemplo, o nome da vía pública, o número do terreo e o código postal.

12. As entidades de poboación.

ANEXO II

Datos temáticos fundamentais

Os datos temáticos fundamentais comprenden a descrición de:

1. As unidades para a difusión ou o uso da información estatística.
2. Os edificios, mediante a súa localización xeográfica e forma xeométrica.
3. Solo e subsolo, caracterizados segundo a súa profundidade, textura, estrutura e contido de partículas e material orgánico, pedregosidade, erosión e, cando proceda, pendente media e capacidade considerada de almacenamento de auga.
4. Uso do solo, como caracterización do territorio, de acordo coa súa dimensión funcional ou a súa dedicación socioeconómica actual ou futura planificadas. De acordo co correspondente marco normativo de aplicación, considerarase tanto a clasificación e categorización urbanística como os diferentes réximes de utilización do solo, en canto a usos (por exemplo, residencial, industrial, comercial, agrario, forestal, recreativo) e intensidades de uso.
5. Saúde e seguridade humanas, considerando a distribución xeográfica da dominancia de patoloxías (alergias, cancro, enfermidades respiratorias, etc.), a información

que indique o efecto sobre a saúde (marcadores biolóxicos, fertilidade, epidemias) ou o benestar humanos (cansazo, estrés, etc.) directamente vinculada coa calidade do ambiente (contaminación do aire, produtos químicos, enrarecemento da camada de ozono, ruído, calidade das augas superficiais, de baño, rega e consumo, xeoquímica de solos e rochas, etc.) ou indirectamente vinculada coa dita calidade (alimentos, organismos modificados xeneticamente, etc.).

6. Servizos de utilidade pública e estatais, incluíndo instalacións de utilidade pública de rede de sumidoiros, xestión de residuos, subministración de enerxía e subministración de auga, así como servizos estatais administrativos e sociais, tales como administracións públicas, sitios de protección civil, escolas e hospitais.

7. Instalacións de observación do ambiente, coa súa situación e funcionamento, encargadas de observar e medir emisións, o estado do ambiente e outros parámetros do ecosistema (biodiversidade, condicións ecolóxicas da vexetación, xeodiversidade, etc.), por parte das administracións ou organismos do sector público ou en nome delas.

8. Instalacións de produción e industriais, incluídas as instalacións previstas na Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación (IPPC), que traspón a Directiva 96/61/CE do Consello, do 24 de setembro de 1996, sobre a prevención e o control integrado da contaminación, e instalacións de extracción de auga, instalacións mineiras e centros de almacenamento.

9. Instalacións agrícolas e de acuicultura, incluíndo o equipamento e instalacións de produción agraria (incluídos sistemas de regadío, invernadoiros e cortes).

10. Demografía, como distribución xeográfica da poboación referida a unha cuadrícula, rexión, unidade administrativa ou outro tipo de unidade analítica, incluíndo as características da poboación e os seus niveis de actividade.

11. Zonas suxeitas a ordenación, a restricións ou regulamentacións e unidades de notificación, que constitúen zonas xestionadas, regulamentadas ou utilizadas para a elaboración de informes para organismos internacionais, europeos, nacionais, rexionais e locais. Inclúiranse vertedoiros, zonas protexidas designadas para a captación de auga destinada ao consumo humano, zonas de auga de baño, zonas declaradas sensibles en relación cos nutrientes, rutas marítimas ou por grandes vías navegables regulamentadas, zonas de vertedura, zonas de restrición de rúidos, zonas de prospección ou extracción mineira, demarcacións hidrográficas, as correspondentes unidades de notificación e plans de ordenación de zonas costeiras, así como a delimitación dos ámbitos de aplicación dos diferentes instrumentos de ordenación territorial e urbanística.

12. Zonas de riscos naturais e antrópicos, consistentes en zonas de risco caracterizadas pola existencia de perigos de carácter natural (calquera fenómeno xeofísico, xeolóxico, hidrolóxico ou atmosférico), tales como movementos do terreo, terremotos, erupcións volcánicas, inundacións ou incendios forestais naturais que, debido á súa frecuencia, localización ou intensidade, poidan afectar negativamente a poboación; ou pola existencia de perigos antrópicos, tales como radiolóxicos, químicos, etc.

13. Condicións físicas atmosféricas. Inclúiranse datos xeográficos baseados en medicións, modelos ou nunha combinación de ambos os dous, así como os lugares de medición.

14. Aspectos xeográficos de carácter meteorolóxico. Condicións meteorolóxicas e as súas medicións; precipitacións, temperaturas, evapotranspiración, velocidade e dirección do vento.

15. Trazos xeográficos oceanográficos, que fornezan as condicións físicas dos océanos (correntes, salinidade, altura das ondas, etc.).

16. Rexións mariñas, coas condicións físicas dos mares e masas de augas salinas, por rexións e subrexións con características comúns.

17. Rexións bioxeográficas, como zonas dotadas de condicións ecolóxicas relativamente homoxéneas cunhas características comúns.

18. Hábitats e biótotos, como zonas xeográficas caracterizadas por unhas condicións ecolóxicas específicas, procesos, estruturas e funcións de apoio vital que sexan soporte físico dos organismos que viven nelas. Inclúiranse zonas terrestres e acuáticas diferenciadas

polas súas características xeográficas, abióticas e bióticas, tanto se son enteiramente naturais como seminaturais.

19. Distribución das especies. Distribución xeográfica das especies animais e vexetais referidas a unha cuadrícula, rexión, unidade administrativa ou outro tipo de unidade analítica.

20. Infraestruturas enerxéticas de xeración e distribución de enerxía, e dispoñibilidade de recursos enerxéticos existentes: hidrocarburos, enerxía hidroeléctrica, bioenerxía, enerxías renovables, etc., incluíndo, cando proceda, a información de profundidade e altura do volume dos recursos.

21. Recursos minerais: minerais metalíferos, minerais industriais, etc., incluíndo, cando proceda, a información de profundidade e altura do volume dos recursos.

ANEXO III

Datos temáticos xerais

Comprenden os datos incluídos en cartografía temática que, non estando constituída por datos temáticos fundamentais, singulariza ou desenvolve algún aspecto concreto da información contida naquela ou incorpora información adicional específica. En todo caso, considérase información xeográfica correspondente a datos temáticos xerais aquela non relacionada nos anexos I e II e contida nos seguintes tipos de cartografía:

- a) Militar, xa sexa topográfica, naval ou aeronáutica, que inclúe información necesaria para a defensa nacional.
- b) Aeronáutica, que inclúe información necesaria para a navegación aérea, civil ou militar.
- c) Forestal ou agrícola, que recolle información sobre a estrutura da vexetación forestal ou dos cultivos agrícolas, así como dos seus aproveitamentos primarios, e sobre o potencial ou aptitude do terreo para estes usos.
- d) Estatística, que incorpora información socioeconómica.
- e) Urbanística, que recolle a información xeorreferenciada contida nos instrumentos de ordenación urbanística e territorial e instrumentos de desenvolvemento, incluíndo o conxunto de disposicións e determinacións estruturantes e pormenorizadas que afecten un determinado ámbito, así como as relacións entre elas.
- f) De infraestruturas e servizos, que recolle a situación, distribución e capacidades das instalacións, redes de transporte, de servizos e infraestruturas.
- g) Didáctica, que recolle información física, política ou de calquera outra índole con fins pedagóxicos.
- h) Específica, que se considera aquela que proporciona unha imaxe cartográfica das características físicas, xurídicas, económicas, sanitarias, industriais, patrimoniais, culturais, turísticas, de transportes, gandeiras, sociais, ou da evolución histórica dun territorio, así como os mapas que reflectan unha realidade específica conforme a normativa vixente.